

PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Os novos medios como ferramentas de traballo nun centro de secundaria

Novos medios aplicados á educación
no IES Martín Sarmiento

IES Frei Martín Sarmiento
Pontevedra, 10 de xullo de 2007

PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Os novos medios como ferramentas de traballo nun centro de secundaria

Novos medios aplicados á educación

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Nome do centro: IES Frei Martín Sarmiento

Director: José Carlos Rodríguez Brea

Código: 36006730

Enderezo postal: Avda. de Vigo, 23

CP: 36003 Pontevedra

Teléfono: 986 852 087

Fax: 986 852 066

Enderezo electrónico: ies.freimartin.sarmiento@xunta.es

Páxina web: www.iesfreimartin.sarmiento.net (iesfms.com)

TÍTULO DO PROXECTO

OS NOVOS MEDIOS (TIC) COMO FERRAMENTAS DE TRABALLO NUN CENTRO DE SECUNDARIA

Subtítulo

Os novos medios na comunidade escolar

**Dirección e
responsable de Normalización Lingüística**

Reis Mayo Roo

1. EQUIPO DE TRABAJO

Nome e apelidos	Departamento	Enderezo electrónico
Reis Maio Roo Dirección 76517261X	Normalización Lingüística (ENL)	mayoroo@edu.xunta.es 986 862 448
Ángeles Beloso Dopazo 35276416-M	Matemáticas Bacharelato ENL	mbeloso@edu.xunta.es 986 898 652
Xosé Mariño Gil 35251502-T	Tecnoloxía Bacharelato ENL	jmarino@edu.xunta.es 986 852 308
Jorge Santos Solla 35259295-L	Sanitaria- Dietética 649 398 062	_____@edu.xunta.es 986 861 441
Jesús Santaló Rodríguez 16232574-W	FOL	jsantalo@edu.xunta.es 986 102 346
Carmen Fernández Augusto 35282472-N	Inglés 676 188 006	mcfa@edu.xunta.es 986 850 234
Encarna Pose Rial 36508758-F	Lingua Española (ENL)	epose@edu.xunta.es 986 862 199
Esperanza Rodríguez Pérez 7815057-W	Física e Química	more@arrakis.es erperez@edu.xunta.es 986 856 701
Marisa Vázquez Oreiro 76514264-A	Sanitaria	luisavazquez@edu.xunta.es 986 864 682
Angel Agrasar Muíños 35233270-F	Matemáticas	agrasar@edu.xunta.es 656 556 779

TALLERES E RESPONSABILIDADES

TALLER	RESPONSABLES	COLABORADORES
FOTOGRAFÍA Recuperación de fotos antigas Banco de imaxes	Mariño Santaló	Agrasar Reis
Banco de imaxes		
Taller de vídeo		Jorge Mariño Ángeles Marisa Encarna
Lectura de imaxes, creación de relatos curtos e guións	Reis	
Boletíns e revistas	Agrasar Ángeles	M. ^a Carmen Santaló
Plataforma dixital	Jorge Mariño	Mariño Marisa Esperanza
Biblioteca 2.0	Esperanza Reis	Reis Encarna M. ^a Carme Ángeles
<p>Aínda que o repartimento de responsabilidades é nominal, o criterio básico e xeral é integrar o número máximo de alumnado e profesorado que, voluntariamente, queira colaborar na realización das actividades programadas, seguindo un criterio de operatividade e eficacia.</p>		

TALLERES E ACTIVIDADES

TALLER	ACTIVIDADES
FOTOGRAFÍA Banco de imaxes Lectura de imaxes fixas e creación de relatos curtos	Controlar as técnicas fotográficas básicas realizando fotos do centro e das actividades programadas. Formar un banco de imaxes dixital das conmemoracións celebradas no centro. Realizar un conto ou historia audiovisual.
Recuperación de fotos antigas	Controlar as técnicas básicas de retoque fotográfico en soporte dixital. Recuperar fotos antigas das familias do alumnado e do profesorado do centro e interpretar o seu significado (lectura de imaxes nun contexto social).
Taller de vídeo	Controlar as técnicas básicas da imaxe en movemento, realizando guións e vídeos utilizando os principios da linguaxe audiovisual. Producir vídeos de curta duración sobre a imaxe corporativa do centro (publicidade) e a imaxe negativa do centro (denuncia). Aplicar os conceptos de obxectividade e manipulación. Realizar unha selección de voces para a realización dun noticieiro escolar.
Boletíns e revistas	Editar un boletín dixital cada trimestre coas noticias máis frescas e significativas do centro. Preparar os materiais para a elaboración da revista <i>Paquenaqueira</i>
Plataforma dixital	Estudar as distintas alternativas de plataformas de comunicación que mellor sirvan para promover o traballo compartido no centro e no noso contorno.
Biblioteca 2.0	Colaborar coa Dirección do centro na aplicación dun programa de xestión e informatización da biblioteca (Meiga) nunha plataforma dixital compartida.

2. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Son varios os motivos polos que se solicita participar neste proxecto:

Primeiro. Conseguir que o centro dispoña dun espazo de encontro na galegitude e crear unha plataforma de interacción da comunidade educativa.

Segundo. **Alfabetización dixital** do profesorado e do alumnado para adquirir as competencias básicas no uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Aprender a usar os novos medios.

Terceiro. **Produtividade**. Aproveitar as vantaxes que proporcionan os novos medios para realizar actividades como preparar apuntamentos e exercicios, buscar información, comunicarnos (e-correo), crear e difundir información (webblogs, web do centro e docentes), xestión de bibliotecas... Aprender a expresarse en linguaxes audiovisuais.

Cuarto. **Innovar nas prácticas docentes**. Aproveitar as novas posibilidades didácticas que ofrecen os modernos medios da información e da comunicación para lograr que o alumnado realice máis e mellores aprendizaxes.

En definitiva, aproveitar a oportunidade que nos dá esta convocatoria para crear un grupo de traballo estable que promova no centro a política de normalización lingüística, a alfabetización na cultura dixital e a creación de espazos de comunicación, opinión, creación e aprendizaxe diferentes utilizando os novos medios (TIC).

3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO IES MARTÍN SARMIENTO

Na sociedade en xeral, e máis concretamente na educación, os contrastes que determinan os medios rural e urbano son manifestos e, con base nos recursos

dispoñibles en cada un deles, xorden diferenzas económicas, sociais e culturais.

Por iso, consideramos fundamental a exposición previa dalgúns datos sobre o centro e o alumnado.

LOCALIZACIÓN DO IES E PROCEDENCIA DO ALUMNADO

O IES Martín Sarmiento está situado na cidade de Pontevedra (na actualidade, está plenamente integrado na zona urbana), pero o alumnado deste instituto procede, na súa maioría, das aforas da cidade ou incluso doutras localidades, dependendo dos estudos que estean facendo.

- Alumnado da ESO. Case a totalidade vén dos centros adscritos (Marcón e Vilaverde).

- Alumnado de bacharelato e formación de adultos. Ademais do propio alumnado do centro, recíbense alumnos doutros IES da cidade, sobre todo no bacharelato tecnolóxico (é o único IES de Pontevedra que o oferta).

- Ciclos formativos. A procedencia é moi variada, debido á gran demanda que teñen algúns dos ciclos existentes no centro. En xeral, hai alumnos de moitos concellos próximos a Pontevedra.

Á vista destes datos, podemos concluír que aproximadamente un 80% do noso alumnado procede do medio rural e tan só un 20% do urbano, no tocante ao ensino obrigatorio. Estas cifras case se equiparan se falamos do ensino postobrigatorio (bacharelato e ciclos formativos).

NIVEL DE USO DO GALEGO NO CENTRO

- ALUMNADO

Como xa dixemos anteriormente, a maior parte do alumnado procede do medio rural, dun estrato social medio e medio-baixo. As súas familias son galego falantes nun 80%; malia todo isto, o escaso uso do galego entre os máis novos está a ser alarmante.

As causas poden ser diversas:

- A propia situación do IES. Malia ser un centro ao que están adscritos colexios das aforas de Pontevedra, está situado practicamente no centro da cidade, aspecto que contribúe en gran medida a “castelanizar” as relacións humanas e académicas entre a comunidade educativa. Non debemos esquecer que os ámbitos urbanos son, xeralmente, “hostís” co galego.

- Falta de “compromiso lingüístico” por parte dos propios alumnos. Unha porcentaxe importante do alumnado asocia o seu dereito a recibir as clases en galego á perspectiva de cada profesor ou profesora. Incluso alumnos que falan galego acotío prefiren basear a súa estratexia lingüística na que adopte o profesorado.

- Rexeitamento cara á lingua. Aínda hoxe hai en moitos dos nosos alumnos a sensación de que o galego non é unha lingua “apta” para determinados contextos.

É moi frecuente que empreguen o galego no ámbito familiar ou nos recreos, pero pasan a usar exclusivamente o castelán dentro das aulas.

- Moitos rapaces teñen a falsa impresión de que o seu coñecemento da lingua é maior en castelán ca en galego, sobre todo na escrita.

Vistas estas cuestións, consideramos que no proceso de normalización lingüística a actitude cara ao idioma do profesorado é o elemento determinante no centro.

- PROFESORADO

Os datos que posúe o Equipo de Normalización Lingüística do centro sobre o uso do galego nas aulas por parte do profesorado, segundo a información ofrecida polos distintos departamentos, é que, agás puntuais excepcións, o Decreto 247/1995 polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios está a cumprirse neste IES.

Isto cambia moito fóra das aulas, onde o uso da lingua galega por parte do profesorado é escaso. Menos da metade usan o galego no trato cos pais de alumnos, co persoal non docente ou entre eles. Non obstante, a maioría do profesorado posúe a suficiente capacitación para usar a lingua galega dentro e fóra das aulas.

A actitude do profesorado cambia positivamente nalgúns dos ciclos formativos, onde tamén o alumnado é máis receptivo ao ensino en galego.

- PERSOAL NON DOCENTE

Os oficios, convocatorias, certificados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego, como corresponde, pero o uso do galego entre os seus membros dista moito de ser o ideal. Aténdese ao público en galego e castelán, dándolle prioridade ao castelán.

4. O CENTRO E O CONTEXTO: A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (SIC)

“Educar é adaptar o individuo ao medio social ambiente” Piaget (1973)

O IES Martín Sarmiento é un centro educativo que integra todos os sectores educativos de secundaria obrigatoria e postobrigatoria (ESO, bacharelatos, formación de adultos, ciclos formativos das familias profesionais de Electricidade, Mecanizaxe, Sanitaria, Dietética, Perruquería e Estética), con importantes experiencias individuais en proxectos de innovación educativa en distintos campos profesionais.

A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E O COÑECIMENTO

A revolución industrial deu paso á revolución dixital de finais do século XX, onde as chamadas novas tecnoloxías configuran unha sociedade que se caracteriza pola posibilidade de acceder a volumes inxentes de información e de conectarse con outros colectivos fóra dos límites do espazo e do tempo, que ademais se caracteriza porque os cambios se producen a unha gran velocidade e os coñecementos teñen data de caducidade e esixen unha

actualización permanente, xogando os conceptos de aprender a aprender, a autoformación e o uso das redes de comunicación e os novos medios un factor importante na educación.

A sociedade da información e do coñecemento (SIC) esixe un cambio do proceso educativo, xa que hoxe, se non se quere quedar obsoleto, todo cidadán debe continuar a súa formación ao longo de toda a vida. Non se trata de transmitir uns datos predeterminados para que o alumno os repita, esta sociedade esixe ensinar a aprender ao longo de toda a vida e dispoñer de capacidades ou habilidades que permitan adaptarse a unha sociedade en constante evolución.

A mocidade medra rodeada polas novas tecnoloxías (vídeos, ordenadores, móbiles, consolas, TV...), son a chamada xeración “e”, e son a primeira xeración que medra e ten acceso intensivo á internet. O uso dos ordenadores e das redes de comunicación deixan de ser un mérito á hora de buscar un traballo ou desenvolverse socialmente, para convertérense nun requisito imprescindible e a alfabetización dixital unha necesidade.

As tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) ofrecen moitas oportunidades para a educación e a formación, pero tamén hai que considerar os riscos que o mal uso deste tipo de medios lle presenta á xuventude, xa que non son tecnoloxías neutras e están sendo desenvolvidas e utilizadas nun mundo cargado de valores e intereses. Por iso é máis urxente unha alfabetización e unha análise crítica dos medios para neutralizar ou identificar as manipulacións e os estereotipos.

As tecnoloxías da información e da comunicación están aí e quedarán por moito tempo, están transformado o mundo e hai que contar con elas no campo da educación.

A experiencia dinos que os docentes somos remisos aos cambios e a adoptar ideas ou formas de facer alleas, a non ser que asumamos e experimentemos persoalmente esas necesidades de cambio. Este grupo de traballo ten vontade para poñer en práctica este proxecto, pero farémolo diversificando os esforzos

e por etapas para que as dificultades e as limitacións non nos provoquen o desánimo.

O PROXECTO: DIFICULTADES E LIMITACIÓNS

A maioría do alumnado máis novo e con maior tempo de permanencia no centro utiliza o transporte escolar, o que dificulta a asistencia a actividades fóra do horario lectivo. Malia este atranco, as experiencias do teatro escolar de anos anteriores son un factor positivo que cómpre considerar.

Os espazos dispoñíbeis no centro, os horarios e a mecánica diaria das clases non favorecen, en xeral, a realización de actividades con novos medios.

A posibilidade de utilizar o salón de actos, a biblioteca e algunha aula-taller de informática podería ser suficiente nunha primeira etapa.

Os novos medios informáticos e audiovisuais dispoñíbeis tampouco son suficientes e as redes de comunicación non sempre están a punto.

Teríamos que contar cun investimento en dotación de medios audiovisuais e que o centro garantise que as redes de comunicación (internet) estivesen operativas e cun mantemento adecuado.

O PROXECTO: FACTORES POSITIVOS

Consideramos como factores positivos o voluntarismo do equipo de traballo e cómpre destacar que algúns dos membros xa teñen experiencia en traballos de imaxe, vídeo e animación dixital, en dirección e coordinación doutros proxectos de innovación con novos medios, e tamén experiencia en traballo cooperativo con alumnado, así como un compromiso na defensa da lingua e da cultura galega. Pensemos que é determinante a actitude do profesorado cara ao idioma, xa que esta vai influír de forma decisiva sobre o alumnado.

A implicación da dirección, que se compromete a colaborar co equipo de traballo e a poñer os medios necesarios para que o proxecto alcance os obxectivos propostos.

Un alumnado activo e participativo e un profesorado colaborador que, desde a

práctica da súa aula (linguas, historia, idiomas, matemáticas, tecnoloxía, ciclos formativos...), favorecería a execución das actividades propostas.

A colaboración con outros centros e as contribucións de relatores expertos en tema concretos.

A colaboración do Cefore, que nos achegaría os medios e a infraestrutura necesarios.

5. OBXECTIVOS A CURTO E MEDIO PRAZO

Obxectivos xerais

1. Potenciar o uso do galego no contorno educativo, aplicando os novos medios informáticos e audiovisuais.
2. Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.
3. Diseñar, planificar e implantar actividades, utilizando os novos medios, creando un clima positivo de participación do alumnado, dos pais, profesores e empresas colaboradoras dos ciclos formativos, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do centro.

Obxectivos específicos

1. Coñecer as ferramentas informáticas e audiovisuais necesarias para promover iniciativas innovadoras no centro.
2. Integrar as TIC no centro, como ferramentas de:
 - Comunicación, opinión, creación e aprendizaxe: diario, boletín dixital, vídeo dixital, banco de imaxes.
 - Elaboración de recursos didácticos: apuntamentos, carteis, presentacións etc.
 - Atraer a mocidade, utilizando eficaz e produtivamente a cultura dixital, que o alumnado manexa con naturalidade desde a infancia, e superar certos prexuízos lingüísticos e culturais.
 - Favorecer espazos de participación de todos os colectivos da comunidade educativa defendendo a educación en valores democráticos, a cultura pola paz, a interculturalidade e a solidariedade.

- Traballar por unha mediateca que integre todos os medios dispoñibles na rede e no centro e poñelos á disposición da comunidade educativa.
3. Dotar os departamentos dun espazo permanente de investigación e colaboración para a realización de boas prácticas educativas.
 4. Potenciar a formación de usuarios de novos medios da información e da comunicación.

O proxecto que presentamos ten unha proxección de futuro de polo menos 3 anos para garantir a consolidación do grupo e do programa proposto.

Obxectivos a curto prazo

Crear un equipo de traballo estable que promova no centro a aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación, creando un espazo de colaboración entre departamentos, utilizando o galego como idioma de comunicación e contando co alumnado como colaborador e participe indispensable.

Obxectivos a medio prazo

Consolidar o equipo de traballo e implicar a outros sectores da comunidade educativa para estender e completar o proxecto inicial:

- A rede como mediateca universal e centro de recursos multimedia: imaxes, vídeos, audios, textos, presentacións, boletíns, revistas...
- A rede como lugar de encontro: biblioteca, aula, sala de profesores, titorías.
- O instituto como vertebrador da comunidade dixital do alumnado e do profesorado.

Actividades que hai que desenvolver

1. Crear un directorio web con recursos e actualidades de interese para a comunidade educativa: dicionarios, utilidades, quiosco de prensa, bibliotecas virtuais etc.
2. Crear un blogue de ferramentas para facilitar o uso das TIC.
3. Crear un almacén virtual con todas as actividades significativas realizadas no centro:
 - Carteis.

- Documentos/Apuntamentos.
 - Boletíns/Revistas.
 - Presentacións.
4. Crear un banco de imaxes sobre actividades realizadas no centro:
 - Actividades culturais e deportivas.
 - Viaxes e saídas extraescolares.
 - Actividades profesionais dos ciclos formativos.
 5. Utilizar un programa de xestión e organización da biblioteca (Meiga) para xestionar a biblioteca do centro e ampliar as súas funcións como mediateca.
 6. Crear unha plataforma de interacción da comunidade educativa.
 7. Contactar con outras iniciativas no ámbito educativo.
 8. Os novos medios como ferramentas de cambio:
 - A rede como mediateca universal.
 - A rede como fonte de información: valorar e filtrar.
 - A rede como aula virtual:
 - Xerar materiais multimedia.
 - Interacción profesorado-alumnado.
 - Diversificación de contidos.
 - A rede como punto de encontro: foro da clase/chat/e-correo.
 - Comunidade educativa virtual:
 - A rede como sala de profesores.
 - Creación de listas de correo con intereses comúns.
 - Intercambio de materiais e documentación.
 9. Outras aínda por determinar.

No primeiro ano, traballarase nos seguintes aspectos do programa:

Constitución do grupo, deseño do proxecto, asignación de responsabilidades, estudo das plataformas virtuais máis axeitadas para os nosos obxectivos, alfabetización na linguaxe dixital e audiovisual, creación de espazos de intercomunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa e realización dos primeiros proxectos prácticos de aplicación coa participación directa do alumnado e a colaboración das xefaturas de departamento e/ou profesorado invitado:

- Crear un directorio web e un blogue educativo.
- Xerar un banco de imaxes onde organizar e documentar as actividades realizadas no centro.
- Implantar o software Meiga como programa de xestión e organización da biblioteca do centro e crear, en colaboración coa Dirección do centro e o persoal asignado, unha base de datos dos libros, revistas e demais textos da biblioteca.
- Crear un taller de imaxe e vídeo dixital que permita, na práctica, profundar no coñecemento da linguaxe audiovisual e elaborar materiais con novos medios (informáticos e audiovisuais), potenciando a escrita en galego (guións), o uso oral (noticias), así como expresarse a través da imaxe (producións) e interpretar criticamente as mensaxes audiovisuais (lectura de imaxes) e descubrir as distintas formas de manipulación das imaxes e noticias cando se seleccionan determinados contidos e se definen determinados enfoques.
- Contactar con outras iniciativas semellantes no ámbito educativo e promover encontros e intercambio de experiencias.
- Presentar os traballos realizados diante da comunidade educativa.
- Valorar a calidade do traballo desenvolvido, a implicación dos distintos sectores (profesorado, institucións, alumnado, pais, empresas, Dirección...) e definir o programa para o próximo ano.
- Realizar a memoria final e organizar os documentos e materiais elaborados para presentarllos á autoridade competente.

6. PROPOSTA METODOLÓXICA

Unha vez aprobado o proxecto, faríase unha reunión xeral do grupo de traballo, distribuíríanse responsabilidades e concretaríanse as actividades para realizar por trimestres.

Programaríase como primeira actividade seleccionar o alumnado que queira traballar nos distintos talleres, entre as distintas etapas educativas do centro, contando cos titores de cada grupo e os xefes de departamento.

Estableceríanse os días e os horarios de traballo segundo as posibilidades de cada grupo que, como mínimo, sería un día a semana, aproveitando unhas das tardes que os grupos teñen libre.

Programaríanse as actividades que se van realizar partindo da base de que todo a aprendizaxe sería sobre a propia práctica, co apoio de expertos e dos propios novos medios.

Realizaríanse un inventario dos medios dispoñibles e dos medios necesarios para completar os equipos e traballar cun mínimo de calidade e rigor.

Realizaríanse un inventario dos espazos dispoñibles e dos espazos necesarios, intentando atopar unha solución satisfactoria.

Por último, concretaríanse o programa de actividades e os contidos que se van desenvolver, segundo a cantidade de alumnado que vai participar e os medios dispoñibles.

7. DESENVOLVEMENTO: ACTIVIDADES E CONTIDOS

ACTIVIDADES POR TRIMESTRES

PRIMEIRO TRIMESTRE

1. Diseñar, planificar e concretar os talleres que se van desenvolver

- Alfabetización dixital:
 - Novos medios informáticos.
 - Taller de Fotografía Dixital.
 - Taller de Son Dixital.
 - Novos Medios Audiovisuais.
- Taller de Vídeo Dixital.
- Plataformas de traballo compartido.
- Ferramentas de comunicación:

- Servizos web 2.0.
 - Plataformas wiki.
 - Os blogues educativos dentro dunha plataforma wiki.
 - Weblogue e Aulablogue como ferramentas educativas.
- Novos medios para a xestión e organización de contidos.
 - A mediateca como centro de recursos.
 - A biblioteca como espazo de traballo compartido.
 - Xestión informatizada da biblioteca escolar:
 - O programa Meiga.

2. Seleccionar o alumnado que queira participar e colaborar nos talleres

Entregaríase un boletín coas características de cada taller, días, horarios, espazos que hai que compartir, normas de uso e recomendacións e suxestións en xeral.

3. A práctica e a formación básica dos compoñentes de cada taller

Cada taller determinaría un conxunto de actividades prácticas para realizar que sentasen as bases da aplicación dos novos medios no centro, tomando como referencia a lingua e a cultura galega e as distintas actividades escolares e extraescolares que se realicen no centro, así como o uso das ferramentas audiovisuais e informáticas.

TALLER DE RECUPERACIÓN DE FOTOS ANTIGAS

Como exemplo dun xeito de integrar lingua, cultura, costumes, usos sociais co profesorado, alumnado e as súas familias, programariamos dentro do Taller da Imaxe Fixa unha actividade que consistiría en recoller fotos antigas dos nosos devanceiros e reproducilas dixitalmente, retocalas se fose necesario, darlle o formato adecuado, clasificalas e almacenalas nun banco de imaxes por temas.

Faríase unha ficha de cada foto e o profesorado de cada materia podería tratar aspectos específicos da época: a lingua, a historia, os medios AV da época, a emigración, a escola, o que se ensinaba, o que se aprendía, anécdotas, a música, as festas, a morte etc. segundo o nivel de participación de cada grupo.

Despois deste traballo, podería facerse unha exposición no centro e unha publicación dixital e invitar, nunha primeira sesión, os pais e familiares do alumnado. Asemade, prepararíase unha actividade para que os vellos expuxesen as súas vivencias e anécdotas da época, para seren recollidas nun formato audiovisual adecuado e de posible uso posterior.

Desta maneira fariamos algo motivador, creativo, interesante e aprenderíamos na práctica a utilizar os novos medios: fotografía dixital, formatos, tratamento e manipulación da imaxe e banco de recursos.

TALLER DE LECTURA DE IMAXES E CREACIÓN DE RELATOS CURTOS

Ver libro de Juan José Millas, *Todo son preguntas*

Trátase de seleccionar fotografías de acontecementos familiares, da prensa diaria ou fotografías da memoria colectiva e propoñer un relato curto que teña como referencia esa imaxe, facendo unha lectura personalizada desa comunicación non verbal.

TALLER DE EXPRESIÓN EN VÍDEO. MÁRKETING DO CENTRO

Neste taller deseñaríase a elaboración dun vídeo de promoción do noso centro, que serviría de base para coñecer a linguaxe audiovisual da imaxe en movemento, o uso da cámara, os movementos de cámara, a iluminación, o son, a elaboración dun guión, o elenco de actores, a edición ou posprodución, a titulación e a elaboración do produto acabado en formato dixital.

O formato que se vai desenvolver pode ser unha publirreportaxe de tipo publicitario ou un noticiario onde o alumnado presenta as novidades e as actividades máis importantes do centro: talleres, departamentos, laboratorios, deportes, música, tecnoloxía, plástica etc.

SELECCIÓN DE VOCES E CONFECCIÓN DE GUIÓNS

Lingua oral e lingua escrita

En calquera caso, o alumnado participante pasaría por unha selección das voces máis idóneas (práctica de lectura en galego en voz alta) e dos mellores primeiros planos en pantalla, así como pola práctica da lingua escrita na confección do guión e utilizando novos medios.

MANIPULACIÓN INFORMATIVA

Para sacarlle máis proveito a esta actividade de autoformación e creación, pódese propoñer a outro grupo de traballo realizar o mesmo vídeo, pero, en vez de publicitar positivamente o centro, mostrando os aspectos máis deficientes e penosos, introducindo un aspecto novo na alfabetización visual, que sería a manipulación informativa e os enfoques parciais e subxectivos.

CONTOS AUDIOVISUAIS

O alumnado da ESO, en colaboración con Plástica e Música, elabora un tema para un conto: a paz, o medio, a enerxía nuclear, a educación viaria, os incendios, os malos tratos... e debuxan en papel as viñetas e escriben os textos, para, posteriormente, pasalos a PowerPoint con audio (voz) e música de fondo.

Actividades de Nadal. Gravación das actividades realizadas (banco de imaxes).

SEGUNDO TRIMESTRE

Día da Paz, 30 de xaneiro

Imaxes para a paz: creación dun Power Point con imaxes e citas sobre a paz que se pasará durante os períodos de recreo ou con grupos concretos.

Persoas pola paz: no taboleiro farase unha exposición sobre personaxes que loitaron pola paz no mundo. Esta mostra irá acompañada dun pequeno cuestionario para que os alumnos completen buscando información no taboleiro.

Música para a paz: selección de cancións e personaxes que destacan no seu compromiso pola paz.

Día dos Namorados, 14 de febreiro

Recompilación e exposición de poesías da literatura galega e universal e do propio alumnado.

Festa do Entroido. Gravación das actividades que realiza o centro con motivo desta data.

Día Internacional da Muller, 8 de marzo

Proxección dalgunha película sobre o tema da muller traballadora.

Excursións e viaxes dos distintos departamentos

Editar un resumo de cada actividade realizada e cubrir unha ficha de datos e complementar con algún traballo sobre o tema realizado polo alumnado.

TERCEIRO TRIMESTRE

Semana das Letras Galegas

Na Semana das Letras Galegas e, en colaboración co departamento de Lingua Galega e Normalización Lingüística, organizaranse actividades relacionadas coa figura conmemorada ese ano. Exposición sobre a súa vida e obra, mostra bibliográfica cos exemplares dispoñibles, lectura de textos significativos entre outras.

FINAL DE CURSO

Ao final de curso, elaborárase un boletín especial dedicado ás actividades realizadas no centro.

8. RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO E POSIBILIDADES DE USO

MEDIOS INFORMÁTICOS

No centro existe unha ampla infraestrutura de ordenadores conectados en rede e con acceso á internet, teríamos que negociar coa Dirección do centro a

posibilidade de uso en horario non lectivo e que se mellorase a política de mantemento das redes do centro.

MEDIOS AUDIOVISUAIS

Cumpriría que o centro se dotase dun equipamento básico no campo audiovisual e mentres, para suplir calquera deficiencia, contariamos coa colaboración do Cefore de Pontevedra que sempre estivo atento ás nosas peticións.

ESPAZOS

Solicitaríámoslle á Dirección do centro a utilización do salón de actos, nos días e horas necesarios, para realizar os traballos programados. Ademais este salón conta con recursos audiovisuais multimedia.

Tamén negociariamos o uso dunha das aulas polivalentes con equipamento multimedia e algunha aula ou departamento para traballos máis específicos.

A colaboración da Dirección do centro e o seu compromiso en facilitarnos os medios precisos e darnos as máximas facilidades foi un compromiso público no claustro de aprobación deste proxecto.

9. COLABORACIÓNS CO CONTORNO

Nesta primeira fase potenciariamos a consolidación do equipo de traballo, o traballo co alumnado e a configuración dunha rede de compañeiros colaboradores nos distintos departamentos e familias profesionais que, esporadicamente, prestarían o seu apoio a algunha das actividades dos talleres.

No eido da colaboración coas familias, intentariamos unha primeira aproximación a través do Taller de Recuperación de Fotos Antigas e, se fose posible, que algún familiar de certa idade e con vivencias significativas nos contase algún episodio de como era a vida dos anos de posguerra. Para esta

actividade sería interesante involucrar a asociación de nais e pais do alumnado (ANPA).

A colaboración coas empresas dos distintos sectores profesionais valoraríase sobre a marcha, segundo as necesidades dos distintos equipos de traballo.

10. PLAN DE AVALIACIÓN

Son dous os aspectos que serán obxecto de avaliación:

1. IMPLICACIÓN

Comprobación do nivel de participación nas actividades que se organizan.

2. PROCEDEMENTOS DE TRABALLO E RELACIÓN DE PRODUTOS ELABORADOS

Cada taller elaborará unha serie de produtos relacionados cos temas formulados, os criterios de valoración non serán tanto de cantidade como de calidade e valor pedagóxico.

Como nos propoñemos un obxectivo dobre –aprender e facer–, debemos valorar os dous contidos: 1) canto somos capaces de aprender sobre o uso dos medios e 2) canto somos capaces de facer (produción).

11. NECESIDADES DE FORMACIÓN. PROGRAMA

Actividades de formación:

- O blog (bitácora) como ferramenta de expresión multimedia e espazo virtual de intercomunicación, creación e opinión.
- Creación dun blog educativo do centro.
- Alfabetización na cultura dixital:
 - Tratamento da imaxe dixital.
 - Tratamento do son dixital.
 - Tratamento do vídeo dixital.
- Navegar pola blogosfera e coñecer as experiencias educativas máis importantes.

- Cómo crear un xestor de titulares de bitácoras (Bloglines).
- Coñecer e utilizar a última versión do programa Meiga de xestión e organización de bibliotecas. A biblioteca (mediateca) como centro de recursos da información.

12. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, AS FAMILIAS E A COMUNIDADE

PROFESORADO

No ámbito do centro informariamos, vía xefes de departamento, de que o proxecto está en marcha e do programa de actividades que temos previsto realizar, animando os distintos equipos docentes para que colaboren e acheguen ideas.

Con aquel profesorado do que precisemos a súa contribución nalgún tema específico falaríamos directamente, para lograr a súa colaboración.

ALUMNADO

Fariamos unha convocatoria a través dos titores, delegados do alumnado e dos taboleiros de anuncios do centro, para que os interesados nos distintos talleres se anotasen nunha listaxe de participación. Logo faríase unha reunión co alumnado interesado e expoñeríanselle as distintas actividades e constituiríanse os equipos.

AS FAMILIAS

Fariamos unha reunión co equipo directivo da ANPA para lle expor o proxecto que se pretende levar adiante e pediríase a colaboración das familias, sobre todo na actividade de recuperación de fotos antigas, garantíndolles a integridade física das fotos e a devolución en perfecto estado e ofrecéndolles como regalo unha copia retocada en formato dixital.

Animariamos as familias a que divulgasen entre os asociados da ANPA a idea de participar en contar historias vividas, cando se fixera a exposición das fotos dixitais da época.

Esta suxestión tamén llela faríamos chegar ás familias a través dos fillos escolarizados no centro e, sobre todo, a aquelas que ofrecen fotos antigas para dixitalizar e expoñer.

Pontevedra, 10 de xullo de 2007

A Dirección

A Coordinación

Visto e prace

O director